

↑ Aos nosos amores (Maurice Pialat) ESTREIA 4 DE XULLO

---

# NUMAX PRESENTA:

---

**91 | XULLO 2025**

---

# Somerxerse, flotar, nadar: Narrativas acuáticas

El agua es de un verde oliva hermoso que vuelve mi piel ocre debajo de las olas. Me gusta ver aquí afuera el cuerpo que suelo ver en la bañera o en la ducha: en el sol, en el mar, deslizándose desnudo entre otros cuerpos de mujeres, flacos, gordos, partes flácidas, partes firmes. Me siento bien con mi propio cuerpo —un alivio después del habitual escrutinio de cuando me visto— y al mismo tiempo me siento invisible, la situación me parece natural. Fuera del agua mis movimientos siguen siendo recatados: me tapo el pecho con un brazo, paso entre piernas y toallas con gestos económicos. Pero la sensación es de mucha practicidad: no me tengo que estirar la lycra sobre el culo ni preocuparme por la depilación de la entrepierna; no me fijo en la dirección del carril, la velocidad, el tiempo.



**Bocetos de natación**  
Leanne Shapton  
BLATT&RÍOS  
23.90 €




**Mediterráneo**  
Pilar Sampietro  
AFRIQUES | 20€



**Golpe magistral**  
Jessica Anthony  
GATOPARDO  
18.95€



**Bo día, tristeza**  
Françoise Sagan  
RODOLFO E PRISCILA | 18€



**Nadando a casa**  
Deborah Levy  
SIRUELA | 16€



**Nadar**  
Marianne Apostolides  
PERIFÉRICA | 15€




**El libro de las aguas**  
Eduard Limónov  
FULGENCIO PIMENTEL  
20.30€



**Piscinosofía**  
Anabel Vázquez  
LIBROS DEL K.O. | 18.90€




**Swimmers**  
Larry Sultan  
MACK | 60€



***O nadador***  
John Cheever  
RINOCERONTE | 22€



***El gusto del cloro***  
Bastien Vivès  
DIÁBOLO | 19.95€



***Diarios del agua***  
Roger Deakin  
IMPEDIMENTA  
| 25.50€



***Por qué nadamos***  
Bonnie Tsui  
GEOPLANETA | 19.95€

## Presentacións | Xullo 2025

**MÉRCORES 9 DE XULLO**  
**ÁS 19:00H**

Presentación de *Oreja madre* (CAJA NEGRA)  
de **Daniel Zelko**.  
O autor estará  
acompañado pola  
escritora e investigadora  
**María Salgado**.

**XOVES 10 DE XULLO**  
**ÁS 19:00H**

Encontro coa ilustradora  
**Ana Penyas** dentro das  
«Charlas con xeito»  
do INCIPIT-CSIC.

**VENRES 18 DE XULLO**  
**ÁS 19:00H**

Presentación  
de *Hermanito*  
(BLACKIE BOOKS) /  
*Miñán* (RINOCERONTE)  
con **Amets**  
**Arzallus Antia**.



# Horario de verán na librería

De luns a venres:  
de 10:30 a 14:00 h  
e de 16:00 a 19:00 h.

Sábados e domingos  
a librería permanecerá  
pechada

Do 14 de xullo  
ao 31 de agosto de 2025



 **Lembra que podes facer o teu  
pedido a través da nosa páxina  
web e recoller os libros en tenda.**

## Sopa de letras

En agosto regresa Nocturama. Podes atopar os apelidos dos  
7 directores desta edición? E algunha pista sobre a temática?

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| P | A | S | F | Y | V | B | V | R | A |
| O | C | I | T | A | R | E | L | L | A |
| K | I | T | A | N | O | R | D | E | Z |
| P | T | N | O | C | T | G | E | U | R |
| R | T | S | P | I | E | M | A | P | N |
| A | E | P | O | L | L | A | C | K | U |
| I | R | O | F | D | H | N | M | A | M |
| A | O | U | P | I | S | C | I | N | A |
| E | M | A | R | T | E | L | G | P | X |

**Filme do mes:**



**AOS NÓSOS AMORES** ESTREA 4 XUL

**Maurice Pialat, 99', FR, VOSE, 1983**

Con Sandrine Bonnaire, Maurice Pialat

Suzanne é unha moza de dezaseis anos cunha vida sexual moi activa pero sen interese polas relacións románticas. Na súa casa, a situación é tensa: seu pai abandonounos, súa nai ten tendencias neuróticas e seu irmán bate nela. O filme máis aclamado de Maurice Pialat, gañador do César a Mellor Filme, chega a cinemas españois nunha nova restauración 2K. Esta fita supuxo tamén o descubrimento internacional de Sandrine Bonnaire e con ela arranca unha retrospectiva (case) completa coa que celebramos o centenario do nacemento de Pialat.





### **BLACK DOG**

**ESTREA 4 XUL**

**Guan Hu, 116', CH, VOSE**

Con Eddie Peng, Tong Liya

Nos arredores do deserto do Gobi, no norte de China, nos días previos ao inicio dos Xogos Olímpicos de Pequín, Lang, un exconvicto, regresa á súa cidade, na que apenas queda xente. Alí cóllelle cariño a un can negro que o vai acompañar ao interior do árido lugar que un día foi o seu fogar.

🏆 **Mellor Filme Un Certain Regard - Cannes 2024**

### **TRES AMIGAS**

**ESTREA 11 XUL**

**Emmanuel Mouret, 118', FR, VOSE**

Con Camille Cottin, Sara Forestier, India Hair

Joan xa non está namorada de Victor e sofre por non estar a ser honesta con el. Alice, a súa mellor amiga, tranquilízaa asegurándolle que ela mesma non sente paixón pola súa parella Eric, e porén a súa relación vai vendo en popa. Alice ignora que el ten unha aventura con Rebecca, a súa amiga común.

🏆 **Sección Oficial Venecia 2024**

### **NA CORRENTE**

**ESTREA 11 XUL**

**Hong Sangsoo, 111', KO, VOSE**

Con Kim Minhee, Kwon Haehyo

Unha universidade feminina celebra un festival de teatro e unha das profesoras, Jeonim, chama a seu tío para que dirixa a peza que ensaían as alumnas. O home, de gran prestixio como actor e director antes de caer en desgraza, involúcrase nun incidente escandaloso entre os estudantes e Jeonim.

🏆 **Mellor Actriz Locarno 2024**





## UN «LIKE» DE BOB TREVINO

**ESTREA 17 XUL**

**Tracie Laymon, 102', ING, VOSE, +12**

Con Barbie Ferreira, John Leguizamo

Lily Trevino, unha moza insegura e solitaria que vén de ser abandonada por seu pai, decide seguilo en Facebook e atopa un perfil co mesmo nome que el. Así coñece a Bob Trevino, un home que perdeu a seu fillo, co quen estreita unha amizade que podería mudar a súa vida para sempre.

🏆 **Premio do Público SEMINCI 2024**



## OS MALDITOS **ESTREA 25 XUL**


**Roberto Minervini, 88', ING, VOSE**

Con Jeremiah Knupp, René W. Solomon

Inverno de 1862, en plena Guerra de Secesión, o exército envía unha compañía de soldados voluntarios aos territorios do oeste para patrullar as terras fronteirizas. A medida que a súa misión cambia de rumbo, o significado do seu compromiso comeza a escapárselles.

🏆 **Mellor Dirección Un Certain Regard Cannes 2024**

## Petís Numax



## PORCO ROSSO

**ESTREA 18-20 XUL**

**Hayao Miyazaki, 94', XAP, VOSE/VE, TP**

Porco é un piloto de avións que frustra todos os actos perpetrados polos piratas aéreos do Adriático. Estes, decididos a acabar co valente e hábil aviador, contratan un aventureiro americano para eliminalo.

🏆 **Mellor Filme Annecy 1993**

## OS NENOS LOBO **ESTREA 25-27 XUL**

**Mamoru Hosoda, 117', XAP, VOSE/VE, +7**

Cando era pouco máis que unha adolescente, Hana namorou dun Home Lobo. Durante anos foron inmensamente felices e tiveron dous fillos: Yuki e Ame, que naceron tamén coa capacidade de converterse en lobos.

🏆 **Mellor Animación Sitges 2012**



📖 **El mundo invisible de Hayao Miyazaki**  
Laura Montero Plata | DOLMEN 24,00€

## Centenario Maurice Pialat



### A INFANCIA ESPIDA

**PASES ÚNICOS 11-12 XUL**

**Maurice Pialat, 83', FR, VOSE, 1968**

Con Michel Terrazon, Raoul Billerey

Tras ser abandonado por seus pais, François, un neno de 9 anos, é acollido por unha familia obreira. Pero decátanse de que François ten problemas de comportamento polo que os servizos sociais buscan unha nova familia con quen poida vivir.



### NÓS NON ENVELLECEREMOS XUNTOS

**PASES ÚNICOS 18-19 XUL**

**Maurice Pialat, 103', FR, VOSE, 1972**

Con Marlène Jobert, Jean Yanne

Crónica da degradación dunha parella. A partir dos avatares amorosos de Jean, un cineasta colérico e violento, e Catherine, amante infantil e neurótiza, Pialat traça o relato implacable dun amor que se resiste á súa disolución.

🏆 Mellor Actor Cannes 1972



### A BOCA ABERTA

**PASES ÚNICOS 25-26 XUL**

**Maurice Pialat, 82', FR, VOSE, 1974**

Con Hubert Deschamps, Monique Mélinand

Drama centrado nunha muller que se atopa na última etapa dunha enfermidade terminal e as consecuencias que esta situación ten nos seus seres máis próximos.

# 10/10

*As espectadoras  
presentan:*

1 E 3 XUL

## **CONTOS DA LÚA PÁLIDA**

*(Ugetsu Monogatari,  
Kenji Mizoguchi, 1953)*

Programa e presenta  
Juana Serrano Narváez

2 E 5 XUL

## **O SAL DA TERRA**

*(Salt of the Earth,  
Herbert J. Biberman, 1954)*

Programa Emilio Barreiro

7 E 10 XUL

## **CHOVENDO PEDRAS**

*(Raining Stones,  
Ken Loach, 1993)*

Programa e presenta  
José Víctor Carou

8 E 9 XUL

## **SEI A ONDE VOU!**

*(I Know Where I'm Going!,  
Michael Powell / Emeric  
Pressburger, 1945)*

Programa Amaia Lizanzu

14 E 16 XUL

## **CRÓNICA DUN VERÁN**

*(Chronique d'un été,  
Jean Rouch / Edgar Morin, 1961)*

Programa e presenta  
Julio Vilarinho

15 E 17 XUL

## **MOMMY**

*(Mommy, Xavier Dolan, 2014)*

Programa e presenta  
Sabela Caamaño

21 E 23 XUL

## **SEN TEITO NIN LEI**

*(Sans toit ni loi,  
Agnès Varda, 1985)*

Programa e presenta  
Lucía Amoedo

22 E 24 XUL

## **LOS OLVIDADOS**

*(Los olvidados,  
Luis Buñuel, 1950)*

Programa Javier García Muela

28 E 30 XUL

## **O GATOPARDO**

*(Il gattopardo,  
Luchino Visconti, 1963)*



Programa  
Marta García-Brabo Beiras

29 E 31 XUL

## **AO SERVIZO DAS DAMAS**

*(My Man Godfrey,  
Gregory La Cava, 1936)*

Programa Ignacio Piñeiro



**NUMAX** 10/10  
numax.org

---

**NUMAX** **10**  
numax.org **10**

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

---

Co patrocinio de

  @numaxcoop

**AAAAAA Agencia**  
**GGGGGG Gráfica**

---